

memoria de
ACTIVIDADES
2023

MEMORIA ACTIVIDADES 2023

Presentación



Cando en outubro de 2023, asumía o meu nomeamento como presidente do Consello Económico e Social, coa preocupación e a ilusión propias da responsabilidade que conleva, atopeime cunha institución que desenvolvía o seu cometido por unha senda ben trazada, por un camiño definido que os meus antecesores no cargo e os membros do CES, representantes da sociedade civil organizada e as súas distintas entidades, consolidaron ao longo dos anos.

Correspóndeme agora presentar esta memoria de actividades na que, como cada ano, recóllense os distintos traballos realizados polo Consello: os obrigados pola súa normativa de creación e tamén os elaborados por iniciativa propia dos membros, a través dun plan de traballo que se renueva anualmente. É unha grata tarefa presentar esta recopilación das iniciativas que viron a luz en 2023.

Nas vindeiras páxinas figuran os membros que formaron parte dos distintos órganos colexiados, así como a relación das sesións celebradas. Tamén recóllense os diferentes traballos elaborados. Por suposto, a memoria anual é un documento que é xa un referente para coñecer a situación socioeconómica e a súa evolución. Gustaríame salientar tamén a aprobación de dous informes a iniciativa propia do Consello sobre temas tan interesantes e actuais como o sector enerxético y a dixitalización.

O CES mantivo tamén colaboración con organismos homólogos das distintas Comunidades Autónomas españolas e co Consejo Económico y Social de España, baixo distintas formas de traballo en común. E a maiores participamos, xunto a varios CES españois da fachada atlántica e os CESER da rexión atlántica francesa, na Red Transnacional Atlántica (RTA) para abordar cuestións comúns.

Convíddolle a coñecer polo miúdo estes documentos do CES. No Consello estamos xa a traballar nos informes, xornadas, reunións... que serán unha realidade en 2024. O noso obxectivo é consolidar as

iniciativas desenvolvidas e atopar novos camiños nos que proxectar o compromiso deste organismo en beneficio da nosa gente, da nosa terra.

Manuel Pérez Álvarez
PRESIDENTE

Actividades 2023

1. O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

- 1.1.COMPOSICIÓN
- 1.2.NATUREZA E FINALIDADE
- 1.3. FUNCIONS
- 1.4. ORZAMENTO

2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2023.

- 2.1 DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES...
- 2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN
- 2.3 PRESENCIA INSTITUCIONAL
- 2.4VISUALIZACIONES CANLE YOUTUBE
- 2.5 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS
- 2.6 PRESTAMO DE SALAS PARA ACTIVIDADES DE OUTROS ORGANISMOS
- 2.7 CES NA PRENSA

1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1.COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 38 membros: tres grupos de 12 membros, máis Presidente/a e o Secretario Xeral.

- Grupo 1: Os seus doce membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden á Confederación Intersindical Galega, catro membros a UGT–Galicia e catro membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- Grupo 2: corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus doce membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas** máis representativas da realidade económica e social de Galicia. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; tres representantes das Universidades galegas e un representante da economía social designado polo Consello Galego de Economía Social.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

COMPOSICIÓN DO PLENO

A composición do plenario é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas.

O 24 de outubro deste ano 2023, produciuse a toma de posesión do seu cargo do novo presidente do Consello. Manuel Pérez Álvarez substituíu ao seu predecesor, Agustín Hernández Fernández de Rojas, logo da expiración do mandato cuatrienal deste.



Ilusión, vocación de servicio, capacidade de traballo e confianza no diálogo. O novo presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Manuel Pérez Álvarez, tomou hoxe posesión do seu cargo cun breve discurso no que salientou algunhas das liñas de actuación do seu mandato. Nun acto celebrado na sede do Consello en Santiago, coa presenza de numerosas autoridades, familia, amigos e membros do CES, Pérez agradeceu ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a súa confianza na súa capacidade para “traballar en beneficio de Galicia”.

A sesión serviu tamén como despedida a Agustín Hernández, que deixou o cargo a petición propia logo do remate do seu mandato cuatrienal. O presidente saínte agradeceu aos membros do Pleno o traballo realizado e expresou os seus mellores desexos para o novo presidente.

Pola súa banda, o presidente da Xunta pechou o acto agradecendo o labor de Hernández e cos mellores desexos para o novo presidente do CES no cometido de escoitar o que ocorre no tecido socioeconómico de Galicia e trasladalo ao Executivo.

Ata ese cambio, os membros do Pleno eran os seguintes (titulares e suplentes):

Presidente: Agustín Hernández Fernández de Rojas
Secretario Xeral: Manuel Martínez Varela

Membros titulares

Grupo 1.- Organizacións sindicais

CIG (Confederación Intersindical Galega):

- Susana Méndez Rodríguez
- Miguel Malvido Cabirto
- Natividade López Gromaz
- Héctor López de Castro

CC.OO. de Galicia:

- Carlos Pardo Pardo
- Xesús Castro Baamonde
- Maica Bouza Seoane
- Juan Martínez García

UGT Galicia:

- José Carlos Rodríguez del Río
- Delia Irene Martínez Conde
- Javier Carreiro Vázquez
- Mar Martín González

Grupo 2.- Organizacións empresariais

CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):

- Antonio Fontenla Ramil
- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
- José María Corujo Seguido
- David Martínez Alonso
- J. Ignacio López-Bachiller Fernández
- José Manuel Maceira Blanco
- Javier Martínez López
- Francisco Couso Santos
- Marisol Novoa Rodríguez
- Jorge Cebreiros Arce
- Jaime Luis López Vázquez
- Diego Vázquez Reino

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Universidade de Vigo:

- J. María Martín Moreno/Elena Rivo López

Universidade da Coruña:

- Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

- Edelmiro López Iglesias

Sindicato Labrego Galego:

- Ramón Barreiro Carnota
- Ana Eiras Regueira

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Miguel López Crespo
- Rosa Celia Otero Raña

Unións Agrarias de Galicia:

- Pedro González Boquete
- Alba Torreira Puga

Federación de confrarías:

- José Antonio Pérez Sieira
- Manuel Daniel Formoso Moledo

Consello Galego de Economía social:

- Mar Pernas Márquez

Membros suplentes

Grupo 1.- Organizacións sindicais:

CIG (Confederación Intersindical Galega):

- Anxo Noceda Carballo
- Lucía Freire Ces
- Xavier Rodríguez Fidalgo
- Margarida Corral Sánchez

CC.OO. de Galicia:

- Silvia Parga Rodríguez
- Omar Ceveira Vázquez
- Alejandro Rodríguez Pazos
- Roi Fernández Rodríguez

UGT Galicia:

- José Luís Fernández Celis
- Olga Crespo Sánchez
- Mar Alfonsín Madrigal
- Trinidad Campos Rodríguez

Grupo 2.- Organizacións empresariais:

CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):

- Ana Belén Vázquez Eibes
- Lourdes Pardo Domínguez
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Marina Graña Bermúdez
- Verónica Val Vázquez
- Laura Otero Rúa
- M^a Dolores Bello Nine
- Rosa María Sánchez Gándara
- M^a del Mar Barreiros Mariño
- María Botana Rocamonde
- Cristina Rama Molinos
- José Antonio Neira Cortés

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Universidade de Vigo:

- Mónica Villanueva Villar

Universidade da Coruña:

- Anxo Calvo Silvosa

Universidade de Santiago de Compostela:

- Melchor Fernández Fernández

Sindicato Labrego Galego:

- Ana M^a Rodríguez Vázquez
- Xosé Pérez Rei

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- M^a Rocio Arnoso Moure
- Josefa Monteagudo Romero

Unións Agrarias de Galicia:

- Cristina Pedreira González
- Jacobo Feijóo Lamas

Federación de Confrarías:

- José Manuel Rosas Otero
- José Basilio Otero Rodríguez

Consello Galego de Economía Social:

- Esther Blanco Araújo

COMPOSICION DA COMISIÓN PERMANENTE

GRUPO PRIMEIRO

CIG: Miguel Malvido Cabirto
UGT: José Carlos Rodríguez del Río
CCOO: Xesús Castro Baamonde

GRUPO SEGUNDO

CEG: Cristina Rama Molinos
José Antonio Neira Cortés
José Manuel Maceira Blanco

GRUPO TERCEIRO

SLG: Pedro González Boquete
CGCU: Miguel López Crespo
CONFRARÍAS: Mar Pernas Vázquez

COMPOSICIÓN DE COMISIÓNES SECTORIAIS

CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos

CIG: Miguel Malvido Cabirto
UGT: José Carlos Rodríguez del Río
CC OO: Maica Bouza Seoane
CEG: José Antonio Neira Cortés
Ana Belén Vázquez Eibes
José Manuel Maceira Blanco
SLG: Ana Eiras Regueira
Confrarías: José Antonio Pérez Sieira
CG Consumo: Miguel López Crespo

CS-2: Sector público e benestar social

CIG: Susana Méndez Rodríguez
UGT: Delia Irene Martínez Conde
CC OO: Carlos Pardo Pardo
CEG: José Antonio Neira Cortés
Ana Belén Vázquez Eibes
José Manuel Maceira Blanco
SLG: Ramón Barreiro Carnota
CG Economía Social: Mar Pernas Márquez
Univ. Coruña: Ángel S. Fernández Castro

CS-3: Desenvolvemento rexional

CIG: Héctor López Castro
UGT: Javier Carreio Vázquez
CC OO: Xesús Castro Baamonde
CEG: José Antonio Neira Cortés
Ana Belén Vázquez Eibes
José Manuel Maceira Blanco
UU AA: Pedro González Boquete
Confrarías: Manuel D. Formoso Moledo
USC: Edelmiro López Iglesias

CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia

CIG: Natividade López Gromaz
UGT: Mar Martín González
CC OO: Juan Martínez García
CEG: José Antonio Neira Cortés
Ana Belén Vázquez Eibes
José Manuel Maceira Blanco
UU AA: Alba Torreira Puga
CG.Consumo: Rosa Celia Otero Raña
Univ. Vigo: Mónica Villanueva Villar

1.2.NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do

Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

A labor do CES aplícase non só á actividade normativa gobernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

1.3. FUNCIONS

As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación son:

- 1- Emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.


- 2- O Consello tamén elabora informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma.
- 3- A participación en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

1.4. ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2023 ascendeu a 1.082.409 euros, cun incremento de 4,23 % respecto ao ano anterior.

Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 700.711 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 225.371 euros e para o IV 156.327 euros.

Evolución do orzamento do CES: 2013-23



Fonte: elaboración propia

2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2023

Como sempre, información mais polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo (apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador: <https://www.ces-galicia.org>)

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES.

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL


A Comisión sectorial nº 4, cuxa presidencia, neste ano, correspondeu á representante da CEG, foi a encargada de elaborala. A proposta de Memoria elaborada pola dita comisión sectorial logo de oito sesións, foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 8/23, do 26 de xuño e de acordo coa normativa, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión 4/23, do 30 de xuño, a presente Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022.

Como cada ano, estúdiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior.



A Memoria 2022 como as anteriores, pode consultarse na web do CES:
<https://www.ces-galicia.org/memoriasocioeconomica>

INFORME 1/23: PRESENTACIÓN DO INFORME “O SECTOR ENEXÉTICO EN GALICIA: PRESENTE E FUTURO”.



Coa presenza do reitor, Julio Abalde, do presidente do CES, Agustín Hernández, e do equipo investigador, dirixido polo profesor Fernando de Llano, a Universidade da Coruña foi o escenario da presentación pública do

informe do Consello sobre o sector enerxético galego, aprobado polo Pleno do organismo.

Os autores do informe explicaron polo miúdo as características do sector en Galicia, as súas condicións, infraestruturas, situación dos mercados e os esforzos de descarbonización levados a cabo pola industria, aínda que incidiron tamén nos problemas que se atopan neste proceso, por exemplo no eido da mobilidade no rural. O informe apunta tamén as perspectivas de futuro, con enerxías verdes e alternativas e os incentivos que están a recibir, e salienta a necesaria cooperación entre os distintos axentes implicados, de toda a sociedade, para unha mellor gobernanza dos cambios que se prantexan e maior equidade e beneficio para o conxunto da sociedade.

O documento foi elaborado a través dun convenio de colaboración entre a institución docente e o organismo consultivo, nunha fórmula que tenta aproveitar o coñecemento das universidades galegas para mellorar os distintos informes do Consello.

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/sector-enerxe%CC%81tico-en-galicia-presente-e-futuro>

INFORME 2/23: PRESENTACIÓN DO INFORME “IMPACTOS DO COVID NA ECONOMÍA GALEGA”.

As consecuencias da pandemia de covid-19 nos distintos aspectos da economía galega, desde os grandes números de actividade ao mercado de traballo, do aumento da desigualdade ás medidas paliativas postas en marcha para reducir os maiores impactos negativos, protagonizaron o informe do Consello Económico e Social. O Pleno do CES aprobou por unanimidade o estudo **“Informe sobre os impactos da covid-19 na economía galega”**, elaborado en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

A investigación, levada a cabo polo equipo dos profesores Juan José Ares Fernández e Alberto Meixide Vecino, é un pormenorizado repaso pola situación creada trala pandemia que se fixa moi especialmente no impacto no mercado de traballo (poboación activa, emprego, ERTES, salarios e custos laborais...) e describe tamén as consecuencias sobre os distintos sectores de actividade.

Logo desa análise, o informe explica os trazos xerais do comercio externo galego durante a pandemia, a internacionalización das empresas o as modificacións na

estrutura do comercio por sectores antes de afondar no investimento estranxeiro directo recibido e emitido en Galicia. Un último capítulo está adicado ás medidas e actuacións adoptadas pola administración central e autonómica para afrontar a crise.

Informe sobre os impactos da Covid-19 na economía galega

Autores:


Juan José Ares Fernández

Alberto Meixide Vecino

20 de decembro de 2022



1



<https://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/impactos-covid-na-econom%C3%ADa-galega>

INFORME 3/23: PRESENTACIÓN DO INFORME “TECIDO EMPRESARIAL GALEGO E DINÁMICA EMPRESARIAL. ANÁLISE COMPARADA”.

Exceso de burocracia, dificultades de acceso ao financiamento ou baixa cualificación do persoal. Estas son algunhas das eivas que atopan as empresas galegas para medrar e gañar competitividade, segundo se recolle no informe **"Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada"**, aprobado polo Pleno do CES o 4 de decembro e que se presentou en Vigo. Elaborado a través dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo, o informe recolle máis dunha trintena de propostas concretas para eliminar ou minorar as dificultades que atopan as empresas para gañar dimensión e posición no mercado.

Na presentación, os autores da investigación, do grupo GEN da UDvigo, salientaron que, logo da análise da realidade, o seu labor centrouse en aportar recomendacións concretas que mellorar a dinámica empresarial.

Pola súa banda, o presidente do CES, Manuel Pérez, gabou a colaboración coa institución académica e o nivel de entendemento acadado entre os investigadores e os membros da comisión do Consello que traballaron no documento.

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/tecido-empresarial-galego-e-din%C3%A1mica-empresarial-an%C3%A1lise-comparada>

**TECIDO EMPRESARIAL GALEGO E DINÁMICA
EMPRESARIAL. ANÁLISE COMPARADA**

Colección informes 3/23




DITAME 1/23: ANTEPROXECTO DE LEI PARA IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES DE GALICIA

Con data 16 de febreiro de 2023 tivo entrada Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia remitindo para o seu preceptivo ditame o anteproxecto de Lei para igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A Comisión Sectorial 2- *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia acordou aprobar a proposta de ditame para a súa posterior tramitación e aprobación polo Pleno na súa sesión 2/23 do 28 de abril.

O ditame pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-igualdade-efectiva-mulleres-e-homes-galicia>



DITAME 2/23: ANTEPROXECTO DE LEI DE CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA

En data 17 de marzo tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

O texto foi remitido , na mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial 2, *Sector público e benestar social* que acordou aprobar a proposta de ditame na súa sesión 7/23 do 10 de maio.

O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/23, do 15 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o ditame.



O ditame pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-cultura-inclusiva-e-accesible-galicia>

DITAME 3/23: ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DOS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS DOS PROXECTOS QUE UTILIZAN OS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA.

En data 22 de setembro de 2023 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o Anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

O texto do anteproxecto foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 1, Economía, emprego e sectores produtivos, que na súa sesión 9/23, de data 26 de outubro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación. O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 8/23, do 4 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o ditame.

O ditame pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-promoci%C3%B3n-dos-beneficios-sociais-e-econ%C3%B3micos-dos>



Ditame
3/23



DITAME
sobre o
Anteproxecto de lei de promoción
dos beneficios sociais e económicos dos proxectos
que utilizan os recursos naturais de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 4 DE DECEMBRO




2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquiredanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades neste campo, levadas a cabo no 2023, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:


- **16 de xaneiro: REUNIÓN COMITÉ REXIONAL DE SEGUIMENTO DO PEPAC 2023-2027**

O Comité Rexional de Seguimento do PEPAC 2023-2027, do que forma parte o CES Galicia, volveuse a reunir coa finalidade de levar a cabo a aprobación do seu regulamento interno, así como para a aprobación dos criterios de selección de operacións aplicables nas intervencións agroambientais, na intervención 6872: investimentos non produtivos en servizos básicos en zonas rurais, na intervención 68421: axudas a investimentos con obxectivos ambientais en transformación, comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios y en la 68422: axudas a investimentos en transformación, comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios.



- **20 de febreiro: REUNIÓN COMITÉ REXIONAL DE SEGUIMIENTO DO PEPAC 2023-2027.**

O Comité Rexional de Seguimento do PEPAC 2023-2027, do que forma parte o CES Galicia, volveuse a reunir coa finalidade de levar a cabo, entre outras, a elección do representante do mesmo no Comité de seguimento do plan estratéxico para a aplicación en España da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.



- **20 de febreiro: REUNIÓN DOS CES ATLÁNTICOS ESPAÑOIS .**

O presidente do CES Galicia, xunto cos presidentes dos CES de Andalucía, Castela e León, Extremadura e País Vasco, reuníronse en Madrid cos representantes de Atlantic cities co obxecto de poñer en común os traballos realizados na defensa do marco atlántico e buscar fórmulas para colaborar na defensa do arco atlántico e as súas posibilidades.

A asociación Atlantic cities constitúese como como unha voz única e singular para as cidades Atlánticas en Europa, promovendo e defendendo os seus intereses.



- **23 de febreiro: COMITE TERRITORIAL DO POCTEP 2021-2027**


O CES Galicia, participa na constitución do Comité Territorial del **Área de Cooperación Galicia – Norte de Portugal (AC1)** do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, como membro consultivo do mesmo. O Comité está composto por representantes da Comisión europea, e pola parte española do Ministerio de Hacienda y Función pública, da Xunta de Galicia, da FEGAMP, e o CES Galicia; pola parte portuguesa os representantes da Agencia para o Desenvolvemento e Coesao, Comunidade de Trabalho Norte, Agencia Portuguesa de Ambiente, da ANMP e o Conselho Económico e Social e do CCDR norte.

Na reunión levouse a cabo, ademáis da constitución, a aprobación do regulamento interno así como a aprobación das candidaturas da primeira convocatoria de proxectos: Obxectivo Específico Interreg Acción f).



- **3 de marzo: REUNIÓN DO COMITÉ DE SEGUIMENTO REXIONAL DO PEPAC 2023-2027.**

O comité de seguimento rexional do plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 (PEPAC), do que forma parte o CES Galicia aprobou a proposta de ditame en relación cos criterios de selección para as intervencións agro ambientais 65012 (compromisos de cultivos sostibles), 65013 (compromisos de fomento e xestión sostible de pastos), 65014 (apicultura para a biodiversidade), 6503 (axuda para a adopción e mantemento de prácticas e métodos de agricultura ecolóxica) e 65051 (axuda para a conservación e para o uso e desenrolo sostibles dos recursos enerxéticos na agricultura SIGC) do plan estratéxico da PAC 2023-2027.



- **10 de marzo: ACTO DE ENTREGA DOS GALARDÓNS DA IX EDICIÓN DO PREMIO “VALENTÍN PAZ ANDRADE”.**

A fiscalidade da enerxía eólica e a análise socioeconómica da vulnerabilidade de Galicia son o contido dos traballos gañadores da IX edición do Premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia, que se entregaron no Colexio de San Xerome da USC. Nunha sinxela cerimonia presidida polo reitor, Antonio López, fíxose entrega dos seus galardóns ás profesoras da USC Rosa M^a Regueiro Ferreira e María Cadaval Sampedro, gañadoras na modalidade 1 (artigos de investigación) así como a Bruno Blanco Varela, ganador na modalidade 2 pola súa tese de doutoramento. O acto contou coa presenza do presidente do Consello Económico e Social de Galicia (CES), Agustín Hernández, e a directora do IDEGA, María Dolores Riveiro García.

O premio Valentín Paz Andrade de investigación en economía de Galicia é convocado con carácter anual polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e o Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia) e distingue aqueles traballos de investigación que contribúen ao mellor coñecemento da realidade económica e social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para o benestar da cidadanía.

Os traballos premiados nesta ocasión chaman a atención sobre a necesidade de seguir apostando polo público como garante da igualdade de oportunidades, afirmou o reitor Antonio López ao fío das temáticas dos traballos premiados. Así, continuou o reitor, o premio a traballos en revistas pon en valor a investigación feita dende Galicia e con proxección, incidindo na importancia da transferencia como ferramenta que enlaza o coñecemento cos procesos de toma de decisións

en empresas e administracións para unha mellora das condicións de vida. No relativo á modalidade de teses, o reitor destacou como este premio nos recorda a necesidade de seguir apostando por un sistema público e con axudas como garantía da igualdade de oportunidades e do recoñecemento da educación como promotor social. Sanidade, educación, servizos sociais son logros que é preciso conservar, subliñou Antonio López.

Dolores Riveiro destacou, pola súa parte, a calidade científica dos traballos que concursaron, así como a relevancia temática das obras. Agustín Hernández gabou ademais a figura de quen dá nome a estes premios pola súa polifacética actividade en “tempos difíciles e sempre movido polo amor a Galicia e o crecemento desta terra”. Globalmente sinalou que esta edición concitou moito interese e que agarda isto se repita na décima edición tanto no número como na calidade dos traballos.

Fiscalidade e enerxía

O artigo *‘Renewable energy taxes and environmental impacts: A critical reflection from the wind tax in Spain’*, do que son autoras as profesoras da USC Rosa M^a Regueiro Ferreira e María Cadaval Sampedro, fíxose co galardón na modalidade correspondente aos ‘Traballos publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas’, dotado con 2.000 euros. Publicado na revista *Energy and environment*, o texto aborda a fiscalidade da actividade eólica establecendo unha análise comparada da situación en Galicia coa doutras comunidades autónomas. Ademais, caracteriza socio economicamente este tipo de tributación e avalía a idoneidade desta fiscalidade para gravar os impactos ambientais asociados a esta xeración de enerxía. A dicir das autoras, “a tributación ‘verde’ é unha ferramenta chave para o deseño das políticas enerxéticas sostibles do futuro, desde a perspectiva de penalizar as actuacións lesivas co entorno, mellorar a eficiencia produtiva de ditos parques, aumentar a aceptación social por parte da cidadanía e implementar programas para o avance socioeconómico e demográfico no rural de Galicia”.

Vulnerabilidade socioeconómica

Na categoría correspondente ás teses de doutoramento, dotada con 1.000 euros de premio, o certame distinguiu o traballo de Bruno Blanco Varela, titulado *‘Unha análise socioeconómica da vulnerabilidade en Galicia: o camiño dende a escola até a inserción laboral’*. Esta tese, defendida na USC e dirixida polos profesores María del Carmen Sánchez Carreira e Paulo Jorge Reis Mourão, permite un maior coñecemento da vulnerabilidade socioeconómica en Galicia e

das súas implicacións para os ámbitos educativo e laboral, alén de incidir nas políticas aplicadas neste eido e os seus efectos.

Accésit

Na presente edición, outorgouse tamén un accésit a unha investigación sobre o aproveitamento dos recursos micolóxicos nos montes en man común en Galicia e sobre a súa potencial contribución ao desenvolvemento sostible do rural galego. O artigo, titulado 'Community forest and mushrooms: Collective action initiatives in rural areas of Galicia', e asinado por Damián Copena, David Pérez Neira, Alfredo Macías Vazquez e Xavier Simón, está publicado na revista Forest Policy and Economics.



- **28 de marzo: COMITÉ DE SEGUIMIENTO DO FEDER 2021-2027.**

O Consello Económico e Social de Galicia, representado polo seu secretario xeral, Manuel Martínez, participou na primeira reunión do Comité de Seguimento do Programa de Galicia FEDER 2021-2027, que se celebrou en Santiago de Compostela. Entre outros asuntos, na sesión aprobouse o Regulamento interno do Comité e deuse conta dos avances na posta en marcha dos sistemas de xestión 2021-2027.



- **4 e 5 de maio: ENCONTRO ANUAL DOS CES ESPAÑOIS EN BILBAO.**

Bilbao foi o escenario do encontro anual dos CES españois, que se celebrou os días 4 e 5 de maio e que contou coa participación do CES Galicia, representados polo seu presidente e mais o secretario xeral. A reunión serviu para intercambiar experiencias entre os distintos organismos e debater sobre as posibilidades de colaboracións, o futuro dos Consellos e o seu papel na sociedade. O acto estivo presidido polo presidente do CES de España, Antón Costas, e foi organizado polo CES do País Vasco como anfitrión.

Durante o encontro, os responsables dos distintos Consellos tiveron ocasión de escoitar de primeira man o estado de execución dos corredores ferroviarios de España por parte do Comisionado do Goberno de España para o Corredor Atlántico, José Antonio Sebastián Ruiz, e do Coordinador Adxunto do Corredor Mediterráneo, José Carlos Domínguez Curiel. Ambos explicaron polo miúdo a situación na que se atopan ambos corredores e os problemas e perspectivas de futuro dos mesmos. As sesións contaron tamén coa presenza do conselleiro de Planificación Territorial, Vivenda e Transportes do Goberno Vasco, Iñaki Arriola.

O futuro do corredor atlántico é un asunto de especial importancia e interese para o CES de Galicia que, como membro da Rede Transnacional Atlántica (RTA)

e xunto cos Consellos españois de Andalucía, Castela e León, Extremadura e o País Vasco e máis os seus homólogos da Francia atlántica, está a traballar no fomento e desenvolvemento desa infraestrutura.



- **25 de maio: ACTO DE CONSTITUCIÓN DE CONSUMES**

O Consello Económico e Social de Galicia, como espazo de debate dos diversos axentes sociais, foi o lugar elixido para o acto de constitución de ConsumES organización de consumidores e usuarios de ámbito estatal integrada por seis das organizacións de consumidores autonómicas con máis presenza institucional, territorial e mediática do Estado (Unión de Consumidores da Comunitat Valenciana, Unión de Consumidores de Galicia, Unión de Consumidores de Euskadi, Unió de Consumidors de Catalunya -UCC, Unión de Consumidores de Castilla y León e Unión de Consumidores de Cantabria).



- **6 de xuño: REDE TRANSNACIONAL ATLÁNTICA (RTA)**

Os CES de Andalucía, Castela e León, Galicia, Extremadura, País Vasco reuníronse para analizar os acordos adoptados na assemblea do CPMR (Comisión Arco Atlántico) que afectan á RTE-T e a mellora da cooperación atlántica hacia unha macrorexión atlántica.



- **27 de xuño: XORNADA VIVENDAS DE USO TURÍSTICO EN SANTIAGO.**

En colaboración ca Unión de consumidores de Galicia e o Museo Pedagógico de Galicia celebrouse a xornada sobre a situación actual das vivendas de uso turístico en Galicia xa que se esta a ser testemuña dun incremento do turismo interior, e por tanto, dun incremento da oferta de aloxamentos. Ante este fenómeno faise precisa unha análise, cos distintos actores implicados (dende as administracións, inmobiliarias, consumidores...ata chegar aos propietarios) para fixar os obxectivos, retos e solucións para o mellor desenvolvemento económico e social desta actividade.





- **22 de xuño: XORNADA DEMOGRAFÍA EN PORTUGAL.**

A xornada organizada polo Eixo Atlántico para presentar unha axenda de propostas para combater o despoboamento no interior de Galicia e no Norte de Portugal celebrouse na localidade lusa de Mirandela.

O Presidente do CES, na súa intervención, insistiu en que, “ano tras ano,ponse de manifesto, en particular nas Consideracións da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia, a necesidade de políticas activas para parar o envellecemento dos nosos territorios”.

O responsable do Consello incidiu nos escasos resultados das políticas públicas despregadas ata agora e apuntou que “a situación, logo de máis de 20 anos está lonxe de mellorar, o que fai necesario celebrar foros de reflexión como este”.

O traballo presentado polo Eixo Atlántico é a primeira axenda de propostas para combater o despoboamento reforzando o eixo interior, que vai desde Lugo hasta Mirandela (Trás-os-Montes), e favorecer a cohesión do territorio.

A xornada reuniu a responsables políticos dos dous países, á redactora do estudio, a catedrática da USC e responsable do Observatorio de Dinamización Demográfica de Galicia María Xosé Rodríguez Galdo, e a 80 persoas dos colectivos que traballan nese eixo entre Lugo e Mirandela.

A axenda contén medidas de carácter social, económico, de creación de servizos, aspectos relacionados coa educación e a infancia e vencelladas ao asentamento de poboación en idade reprodutiva, así como políticas relacionadas coa tecnoloxía e a loxística para favorecer a creación de emprego e o emprendemento neste territorio.



- **30 de xuño: PRESENTACIÓN DA MEMORIA SOCIOECONÓMICA 2022.**

Preto de 90 valoracións e opinións sobre a realidade socioeconómica de Galicia compoñen o capítulo de Consideracións da **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022**, que o Pleno do CES aprobou por unanimidade. O documento foi presentado públicamente polo presidente do organismo, Agustín Hernández, ao carón da presidenta de turno da comisión encargada da redacción do mesmo, a representante da CEG no Consello Cristina Rama Molinos.




- **5 de xullo: REUNIÓN REDE TRANSNACIONAL ATLÁNTICA (RTA) EN SEVILLA.**

Unha recepción oficial no Parlamento de Andalucía puxo o realce institucional á reunión que mantiveron en Sevilla os presidentes e secretarios xerais dos Consellos Económicos e Sociais das rexións atlánticas de España e Francia agrupados na Rede Transnacional Atlántica (RTA). Con esta xuntanza na capital andaluza, estes organismos consultivos reforzan os seus vencellos e apostan por seguir traballando xuntos en beneficio dos colectivos económicos e sociais das rexións do arco atlántico continental. O encontro foi o marco para a reunión do Comité de orientacións da organización, o seu máximo órgano de decisión. O CES-Galicia estivo representado polo seu presidente, Agustín Hernández, e o secretario xeral, Manuel Martínez.



- **11 de xullo: COMITÉ TERRITORIAL (POCTEP) 2021-2027.**

O CES-Galicia participou na reunión do Comité Territorial da Área de Cooperación Galicia – Norte de Portugal (AC1), integrado no Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027. Na sesión levouse a cabo unha análise e proposta de decisión ao Comité de Gestión (CG) sobre as candidaturas da 3ª Convocatoria de proxectos presentados ao programa.



- **27 de xullo: PARLAMENTO DE GALICIA.**

O presidente do Consello Económico e Social, Agustín Hernández Fernández de Rojas, como cada ano, fixo entrega ao presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022. Nun acto protocolario xa clásico, acompañado polo presidente de turno da comisión sectorial encargada do traballo, o representante da CEG José Antonio Neira, o presidente explicou o contido do documento e repasou algunhas das consideracións que recolle. Hernández fixo entrega tamén de tres exemplares mais para os distintos grupos parlamentarios.



- **11 de setembro: XORNADA DE DEBATE SOBRE O SECTOR ENERXÉTICO EN GALICIA.**

Con representantes académicos, da Administración, dos sindicatos, do mundo rural e da economía social, os expertos abordaron os distintos aspectos do proceso de cambio de paradigma no uso da enerxía que estamos a vivir, as súas potencialidades e oportunidades e as sombras que tamén apuntan no horizonte. No encontro falouse da necesidade de contar cun marco normativo estable, de eficiencia enerxética, da importancia do aforro tamén a nivel individual e

ciudadán e do papel que terán que xogar as infraestructuras de almacenamento como chaves para o futuro enerxético de Galicia.



- **2 de novembro: O PRESIDENTE DO CES EXPLICA AS CONTAS DO CONSELLO PARA 2024 NA COMISIÓN PARLAMENTARIA DE ORZAMENTOS.**

O novo presidente do CES-Galicia, Manuel Pérez Álvarez, estreou o seu cargo explicando os presupostos do organismo para o vindeiro exercicio nunha comparecencia na Comisión Parlamentaria de Orzamentos, no marco das sesións informativas en relación co Proxecto de lei de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Pérez salientou que un dos seus obxectivos para o seu mandato é acadar un maior achegamento do Consello á cidadanía e promover o valor do esforzo conxunto de todos os membros polo consenso nas súas opinións.

O presidente sinalou que as contas do CES serán similares ás de este exercicio, cun incremento que estará preto do 4%, e expresou a súa convicción de que

servirán para cumprir coas funcións encomendadas ao organismo consultivo e abordar os proxectos en marcha.

Na súa intervención, Manuel Pérez fixo tamén un repaso á actividade do Consello ao longo deste ano e apuntou algunhas das actuacións que están previstas para 2024, nun calendario que aínda está pendente de concretar e aprobar polo Pleno do organismo.

Os voceiros dos tres grupos parlamentarios salientaron a importancia do traballo do CES, do seu compromiso con Galicia e a súa independencia.



- **23 de novembro: REUNIÓN DO COMITÉ DE ORIENTACIÓNS (RTA) EN BURDEOS.**

Presidentes e secretarios xerais dos CES españois e franceses que conforman a Rede Transnacional Atlántica (RTA) celebraron na cidade francesa de Burdeos unha nova reunión do Comité de Orientacións da organización. O novo presidente do CES-Galicia, Manuel Pérez, tivo ocasión de participar por primeira vez nunha sesión do órgano directivo da rede, que agrupa aos Consellos Económicos e Sociais da fachada atlántica europea.

Entre outros asuntos, o Comité elixiu ao novo presidente para os vindeiros dous anos, cargo que corresponderá ao representante do CESER da rexión francesa de Bretaña, Patrick Care. Os participantes debateron tamén a posibilidade de

ampliar a rede de entidades implicadas para dar cabida a organismos homólogos de Irlanda e País de Gales, territorios que comparten ubicación xeográfica e problemas comúns coa actuais membros.

Durante a sesión de traballo, os membros da RTA dialogaron sobre diversos cambios na forma de funcionamento da organización para mellorar a elaboración dos documentos e aportaron propostas para un novo asunto de traballo para abordar neste vindeiro período.

A presidencia saínte deu conta do labor realizado neste dous últimos anos, recollido nunha memoria de actividades da organización e que pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/documentos/INFORME%20ACTIVIDADES.pdf>



- **1 de decembro: PRESENTACIÓN DUN INFORME SOBRE DEMOGRAFÍA E COHESIÓN SOCIAL ELABORADO POLO EIXO ATLÁNTICO.**

Un plan de actuación con máis de trinta propostas concretas. Así definiron os seus promotores o documento *“Cohesión socioterritorial e despoboamento na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”*, que foi presentado na sede do CES en Santiago. Subtitulado *“Proposta de liñas de actuacións e de accións estratéxicas para os territorios do interior”*, o estudo pon enriba da mesa actuacións concretas para a zona do interior da rexión coa idea de que *“é momento para falar menos e facer máis”*.



- **19 de decembro: PREMIO VALENTÍN PAZ ANDRADE**

José Manuel Amoedo e María del Carmen Sánchez-Carreira foron recoñecidos co premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia, convocado polo Consello Económico e Social (CES) e o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da USC (IDEGA). Amoedo e Sánchez-Carreira foron premiados polo artigo ‘Os efectos iniciais da COVID-19 nas desigualdades de renda en Galicia e a súa distribución na sociedade’, un traballo que veu la luz na Revista Galega de Economía.


O xurado, presidido polo reitor da USC Antonio López Díaz, motivou as súas decisións, tomadas por unanimidade, “na calidade científica dos traballos, na actualidade e relevancia da temática que abordan e na contribución dos resultados á mellor toma de decisións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia”. O traballo de Amoedo e Sánchez-Carreira resultou distinguido na

modalidade dirixida a traballos publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, mentres que a categoría centrada en premiar teses de doutoramento ficou deserta.

Ademais de Antonio López, integraron o xurado que se reuniu no Salón Reitoral do Colexio San Xerome, Maria Dolores Riveiro García do IDEGA, Manuel Pérez, presidente do CES; Manuel Martínez, secretario do CES; Fernando González Laxe da UDC e Xosé Henrique Vázquez Vicente da UVigo.



Actividades realizadas no CES: 2014-23



Fonte: elaboración propia

Información mis detallada na web do CES: <https://www.ces-galicia.org/novas>

2.3 PRESENCIA INSTITUCIONAL

Como parte da súa actividade, tanto presidente coma o secretario xeral participaron en distintos actos en representación institucional do Consello ou atenderon as inquiredanzas e propostas de traballo de distintos organismos.

No ano 2023 e por orde cronolóxico foron os seguintes:

- 16 de xaneiro:** Acto presentación do libro “Galicia paisaxe de futuro” en Monte Gaiás.
- 23 de xaneiro:** Acto y mesa debate Club de prensa “Corredor Atlántico: un proxecto común” en Valladolid.
- 27 de xaneiro:** Encontro do Corredor Atlántico Noroeste “Unha estratexia conxunta para un proxecto común” en Santiago de Compostela.
- 3 de febreiro:** Acto de inauguración da rúa Doutor José Carro Otero en Santiago.
- 22 de febreiro:** Acto conmemorativo do 175º aniversario da Policía Local de Santiago de Compostela e Entrega de Medallas de Permanencia.
- 8 de marzo:** Acto conmemorativo da Cª de Emprego e Igualdade do Día Internacional da Muller “Avanza con elas” en Santiago de Compostela.
- 10 de marzo:** Acto de entrega de Entrega de Premios 10 de Marzo de CCOO.
- 10 de marzo:** Acto da entrega da IX Edición do Premio “Valentín Paz Andrade” de Investigación en Economía de Galicia.
- 14 de marzo:** Acto de presentación do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 en Santiago de Compostela.
- 17 de marzo:** Acto de cofraternidade e entrega de premios polo 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora e do 10 de marzo, Día da Clase Obreira Galega en Teo.
- 3 de abril:** Acto de presentación de “el Correo Gallego” en Santiago de Compostela.
- 18 de abril:** Xornada Fundación INADE sobre “Análisis de la situación del mercado de riesgos empresariales” en sede CES en Santiago.
- 9 de maio:** acto entrega de Premios Galicia Segura 2022 da Fundación INADE en Santiago de Compostela.
- 16 de maio:** Acto académico do Día das Letras Galegas 2023 no Salón Fonseca en Santiago de Compostela.
- 14 de xuño:** celebración da Asamblea da Economía Social Galega en Santiago.
- 14 de xuño:** Inauguración da exposición “A forza da palabra. Lei de normalización linguística de Galicia” no Parlamento de Galicia.
- 20 de xuño:** reunión sa Xunta de Goberno do IDEGA en Santiago de Compostela.

- 3 de xullo:** presentación da Fundación Galicia Constrúe. Cluster da Construción en Santiago de Compostela.
- 7 de xullo:** acto de celebración do corenta aniversario do Consello da Cultura Galega (1983-2023) en Santiago de Compostela.
- 24 de xullo:** acto de entrega das MEDALLAS DE OURO DE GALICIA 2023 na Cidade da Cultura de Galicia.
- 25 de xullo:** acto de recibimento e honra ao DELEGADO REXIO na ofrenda ao Apóstolo Santiago, Excmo. Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela na Plaza do Obradoiro. Ofrenda Nacional ou Apóstolo Santiago e Misa Pontifical .
- 2 de agosto:** acto de toma de posesión de D. Juan Carlos Aladro Fernández como conselleiro do Consello de Contas de Galicia no Parlamento de Galicia.
- 21 de setembro:** gala da primeira edición dos Premios Benfeito de Consumo en Santiago de Compostela.
- 22 de setembro:** presentación do Anuario 2023 do Foro Económico de Galicia no reitorado da Universidade da Coruña.
- 26 de outubro:** celebración do 170º Aniversario do Faro de Vigo no Auditorio Mar de Vigo.
- 14 de novembro:** xornada da CEP “SEGURIDAD PARA LA EMPRESA” na sede da Confederación en Pontevedra.
- 15 de novembro:** celebración do simposio “A inclusión sociolaboral das persoas vulnerabilizadas na cidade da Cultura de Galicia.
- 28 de novembro:** presentación do “II Foro CEP. Empresa Sostenible “ en Vigo.
- 30 de novembro:** celebración do Almorzo-Coloquio entre o Presidente do CES España, D. Antón Costas e unha representación do tecido empresarial galego en Santiago de Compostela.
- 30 de novembro e 1 de decembro:** I Congreso Internacional de Consumo en Santiago de Compostela.
- 1 de decembro:** presentación do Informe de Demografía na sede do CES en Santiago de Compostela.
- 18 de decembro:** acto de clausura institucional da Asamblea General 2023 e brindis navideño na sede da CEP en Pontevedra.

2.4 VISUALIZACIÓNS CANLES YOUTUBE


A táboa de datos e o gráfico seguintes amosan as visualizacións das distintas iniciativas que están gravadas e a disposición dos usuarios.

Emisións do CES en streaming

Ponencia	Visualizacións
Xornada sobre o futuro do medio rural	559
Xornadas Economía Social (1)	721
Xornadas Economía Social (2)	1022
O sistema de coidados de longa duración en Galicia, prestación de servizos e creación de emprego	294
La tarifa eléctrica en España	1373
Xornadas dixitalización	443
O cambio climático e transición enerxética	490

Fonte: Elaboración propia a partires de Youtube

Emisións do CES en streaming



Fonte: Elaboración propia a partires de Youtube

2.5 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, ademais dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade do exercicio 2023 demandou a celebración de 8 sesións plenarias, 11 reunións da Comisión Permanente e 28 sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos. Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados:

Pleno: 8 sesións

- 1/23 celebrada o 15 de marzo: aprobación proposta do informe sobre O sector enerxético en Galicia: presente e futuro.
- 2/23 celebrada o 28 de abril: aprobación da proposta de informe sobre o Impacto da covid-19 na economía galega e aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 3/23 celebrada o 15 de maio: aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.
- 4/23 celebrada o 30 de xuño: aprobación da proposta de Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022.
- 5/23 celebrada o 25 de setembro: aprobación da proposta de orzamento do CES para 2024 e aprobación da proposta de acordo sobre o sistema de distribución das compensacións económicas pola participación dos membros do CES nos distintos órganos colexiados do organismo.
- 6/23 celebrada el 24 de outubro: toma de posesión de Manuel Pérez Álvarez como novo presidente do Consello Económico e Social de Galicia.
- 7/23 celebrada o 10 de novembro: Aprobación da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 8/23 celebrada o 4 de decembro: Aprobación da proposta de informe “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada”. Aprobación da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. (enmendas e sistema de votación).

Comisión Permanente: 11 sesións

- 1/23 celebrada o 13 de xaneiro: Análise das propostas dos membros do CES para o Plan de traballo do 2023. Análise da proposta de xornadas sobre a eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Dación de conta da petición de colaboración do CES Galicia no proxecto NÓS.
- 2/23 celebrada o 19 de xaneiro: Decisión sobre as propostas dos membros do CES para o Plan de traballo do 2023. Análise da proposta de xornadas sobre a eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Dación de conta da petición de colaboración do CES Galicia no proxecto NÓS.
- 3/23 celebrada o 26 de xaneiro: Decisión sobre as propostas dos membros do CES para o Plan de traballo do 2023.
- 4/23 celebrada o 13 de marzo: Tramitación da proposta de informe sobre O sector enerxético en Galicia: presente e futuro.
- 5/23 celebrada o 19 de abril: Tramitación da proposta de informe sobre os impactos da covid-19 na economía galega.
- 6/23 celebrada 26 de abril: tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Plan de traballo do CES para 2023.
- 7/23 celebrada o 12 de maio: Tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.
- 8/23 celebrada o 26 de xuño: Tramitación da proposta de Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022.
- 9/23 celebrada o 18 de setembro: Proposta de orzamento do CES para 2024. Proposta de acordo de bases para o Pleno sobre o sistema de distribución das compensacións económicas pola participación dos membros do CES nos distintos órganos colexiados do organismo.
- 10/23 celebrada o 3 de novembro: Tramitación da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 11/23 celebrada o 28 de novembro: Tramitación da proposta de informe “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada”. Tramitación da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Comisión Sectorial nº 1- Economía, emprego e sectores produtivos: 12 sesións.

- 1/23 celebrada o 8 de febreiro: Presentación para análise, a cargo dos profesores da universidade da Coruña, do informe “O sector enerxético en Galicia: presente e futuro”.
- 2/23 celebrada o 3 de marzo: Presentación do informe sobre “Os impactos da Covid na economía galega” a cargo dos profesores da USC Juan Ares e o seu equipo. Posta en común e valoración das aportacións sobre o informe “O sector enerxético en Galicia”.
- 3/23 celebrada o 22 de marzo: Exame das consideracións presentadas ao informe sobre “Os impactos da Covid na economía galega”.
- 4/23 celebrada o 20 de setembro: Presentación para análise do informe “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada”, a cargo do equipo encargado do traballo.
- 5/23 celebrada o 16 de outubro: Elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 6/23 celebrada o 18 de outubro: Continuación do traballo de elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 7/23 celebrada o 23 de outubro: Continuación do traballo de elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 8/23 celebrada o 24 de outubro: Continuación do traballo de elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 9/23 celebrada o 26 de outubro: Continuación do traballo de elaboración da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- 10/23 celebrada o 8 de novembro: presentación para análise da versión actualizada do informe “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada”, a cargo do equipo encargado do traballo.
- 11/23 celebrada o 27 de novembro: Aprobación da proposta de informe “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada”.

Segunda lectura da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

- 12/23 celebrada o 14 de decembro: Presentación do esquema de traballo para a elaboración do informe “Análise microeconómica da competitividade en Galicia”, a cargo do equipo da Universidade de Vigo que redactará o documento.

Comisión sectorial nº 2- Sector público e benestar social: 8 sesións.

- 1/23 en sesión do 17 de marzo: Análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 2/23 en sesión do 23 de marzo: Continuación da análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 3/23 en sesión do 28 de marzo: Continuación da análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 4/23 en sesión do 13 de abril: Continuación da análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 5/23 en sesión do 19 de abril: Continuación da análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 6/23 en sesión do 20 de abril: Continuación da análise da proposta de ditame sobre o Anteproxecto de Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 7/23 en sesión do 3 de maio: Análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.
- 8/23 en sesión do 10 de maio: Análise da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Comisión sectorial nº 3- Desenvolvemento Rexional: 0 sesións.


Comisión sectorial nº 4- Memoria socioeconómica: 8 sesións.

Como cada ano, a Comisión Sectorial nº 4 elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022, para o que foron necesarias oito

sesións de análises e debates xurdidos cas novas propostas e froito do acontecer da nosa economía.


- 1/23 celebrada o 1 de marzo: Valoración do borrador de nova redacción do capítulo 1 da Memoria. (non é o capítulo 1 que se analizará na semana que corresponda). Valoración da propostas de mellora/modificación para a memoria dos/as membros da comisión.
- 2/23 celebrada o 30 de marzo: Análise da proposta de capítulo 2.- Mercado de traballo e relacións laborais da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022.
- 3/23 celebrada o 21 de abril: Análise da proposta de capítulo 1.- Panorama económico da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022. Proposta de Consideracións sobre o capítulo 2.- Mercado de traballo e relacións laborais.
- 4/23 celebrada o 5 de maio: Análise da proposta de capítulo 3.- Dinamismo do tecido produtivo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022. Proposta de Consideracións sobre o capítulo 1.- Panorama económico.
- 5/23 celebrada o 26 de maio: Análise da proposta de capítulo 4.- Calidade de vida e benestar social da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022. Proposta de Consideracións sobre o capítulo 3.- Dinamismo do tecido produtivo.
- 6/23 celebrada o 9 de xuño: Análise da proposta de capítulo 5.- Recursos e capacidades para o desenvolvemento da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022. Proposta de Consideracións sobre o capítulo 4.- Calidade de vida e benestar social.
- 7/23 celebrada o 16 de xuño: Análise das novas propostas de Consideracións da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022.
- 8/23 celebrada o 23 de xuño: Revisión final da proposta de Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2022.

Reunións da CP e do Pleno: 2012-2023



Fonte: Elaboración propia

Reunións das comisións sectoriais: 2012-2023



Fonte: Elaboración propia

2.6 PRÉSTAMO DE SALAS PARA ACTIVIDADES DOUTROS ORGANISMOS

Como órgano de debate, na sede do Consello acollemos tamén a outros organismos que o longo do 2023, na Sala de Plenos do CES levaron a cabo máis de 50 actividades e reunións.

- 18 de xaneiro**: mediación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- 20 de xaneiro**: reunión do Observatorio galego sobre Violencia de Xénero.
- 20 de xaneiro**: reunión Observatorio LGTBI.
- 25 de xaneiro**: mesa negociadora so sector Pompas Fúnebres.
- 3 de febreiro**: reunión do Consello Galego de Pesca.
- 9 de febreiro**: mesa negociadora do sector de Axuda no Fogar do Consello Galego de Relacións Laborais .
- 14 de febreiro**: reunión do CONGACODE
- 16 de febreiro**: mediación do Consello Galego de Relacións Laborais no sector de eventos, servicios e producións culturais de Galicia.
- 28 de febreiro**: sesión extraordinaria do Pleno do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- 6 de marzo**: reunión do Consello Galego de Pesca.
- 6 de marzo**: reunión do Consello de Turismo de Galicia.
- 9 de marzo**: reunión do Observatorio do Sector Lácteo.
- 13 de marzo**: reunión do Foro Económico de Galicia.
- 13 de marzo**: reunión Axenda 2030.
- 21 de marzo**: reunión do Consello Galego de Acción Exterior.
- 24 de marzo**: Pleno do Consello Galego das Mulleres.
- 27 de marzo**: mesa negociadora convenio colectivo galego de eventos.
- 28 de marzo**: mesa negociadora do sector autonómico de ambulancias e xuntanza da Comisión de seguridade e saúde .
- 14 de abril**: mesa negociadora do convenio colectivo do sector de instalacións deportivas e ximnasios de Galicia.
- 17 de abril**: mesa negociadora do sector de ambulancias.
- 18 de abril**: reunión Fundación INADE.
- 26 de abril e 2 de maio**: xuntanza do sector do transporte de viaxeiros por estrada.
- 3 e 4 de maio**: reunión de lanzamento de proxecto RURAL YOUTH FUTUR.
- 22 de maio**: Consello de Turismo de Galicia.
- 23 de maio**: Consello Galego das Mulleres.
- 26 de maio**: xuntanza de mediación na empresa FIDELIS (servizo do 061).
- 1 de xuño**: presentación documento sobre intelixencia artificial do Foro Económico de Galicia aos medios de comunicación.

- 5 de xuño**: mesa negociadora do sector de transporte de enfermos en ambulancia.
- 19 de xuño**: sesión ordinaria do Pleno do Consello Galego de Medio Ambiente.
- 27 de xuño**: Pleno Observatorio LGTBI.
- 28 de xuño**: Pleno Observatorio de Familia e Infancia.
- 30 de xuño**: xornada “Galicia 2040” do Foro Económico e Galicia.
- 12 de setembro**: Observatorio LGTBI
- 25 de setembro**: mesa negociadora intersindical de bombeiros.
- 29 de setembro**: xuntanza AGA RTVGA.
- 4 de outubro**: xuntanza mesa negociadora do convenio colectivo de ambulancias.
- 9 de outubro**: xuntanza da mesa intersindical de bombeiros de Galicia.
- 16 de outubro**: xuntanza de mediación da CRTVGA.
- 18 de outubro**: xuntanza da empresa EINSA PRINT.
- 9 de novembro**: xuntanza de bombeiros comarcais.
- 13, 20, 23, 27 de novembro**: xuntanza da empresa EINSA PRINT.
- 28 de novembro**: reunión FONDOS EUROPEOS.
- 30 de novembro**: xuntanza de períodos de consulta e negociación no seo da empresa EINSA PRINT.
- 5 de decembro**: xuntanza Consorcio Bombeiros de Galicia.
- 11 de decembro**: xuntanza representación patronal RTVGA.
- 13 de decembro**: comisión de traballo de “Corresponsabilidade e coidados” do CONSELLO GALEGO DE MULLERES.
- 15 de decembro**: reunión extraordinaria do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago.
- 20 de decembro**: xuntanza do Consorcio de Bombeiros de Galicia.

2.7 O CES NA PRENSA

Para completar a información relacionada coas actividades anuais do organismo neste ano 2023, de seguido, relaciónanse as novas nas que o CES estivo presente na prensa e as que se accederá de cada enlace:

<https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/03/11/cadaval-regueiro-blanco-premios-valentin-84461546.html>

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2023-03-15/4215271-ces-concluye-galicia-debe-convertirse-lider-produccion-energias-renovables>

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/225083-galicia-debe-liderar-produccion-enerxias-renovables-segundo-informe-ces>

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2023-04-28/4271454-informe-ces-sobre-impacto-economico-pandemia-confirma-servicios-como-sector-castigado>

<https://www.economiadigital.es/galicia/empresas/galicia-densidad-potencia-eolica.html>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/dependencia-enerx/20230515135657168679.html>

<https://vivajaen.es/galicia/1266523/el-consello-economico-alerta-sobre-la-dependencia-energetica-de-galicia/>

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/economia/el-hidrogeno-verde-en-galicia-clave-en-la-transformacion-y-descarbonizacion>

<https://www.abc.es/espana/galicia/serio-problema-galicia-depende-energeticamente-importacion-20230515191732-nt.html>

<https://www.economiadigital.es/galicia/empresas/el-ces-alerta-de-la-dependencia-energetica-de-galicia-importa-el-75-de-los-recursos.html>

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2023/05/15/udc-ces-presentan-informe-sobre-sector-energetico-gallego/00031684150336673700853.htm>

<https://www.diariodeferrol.com/articulo/galicia/consello-economico-alerta-sobre-dependencia-energetica-galicia-4291649>

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/economia/el-hidrogeno-verde-en-galicia-clave-en-la-transformacion-y-descarbonizacion>

<https://www.abc.es/espana/galicia/serio-problema-galicia-depender-energeticamente-importacion-20230515191732-nt.html?ref=https%3A%2F%2Fwww.ces-galicia.org%2F>

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2023/05/15/udc-ces-presentan-informe-sobre-sector-energetico-gallego/00031684150336673700853.htm>

<https://www.galiciapress.es/articulo/ultima-hora/2023-05-20/4298223-patronal-eolica-gallega-defiende-exposicion-renovable-contribuir-a-reactivacion-economicaenergetica>

<https://www.economiadigital.es/galicia/empresas/la-patronal-eolica-las-renovables-abarataran-el-precio-de-la-luz.html>

<https://www.farodevigo.es/galicia/2023/06/08/ces-pide-obligar-ley-colegios-88422249.html>

<https://www.economiadigital.es/galicia/politica/el-ces-urge-a-la-xunta-un-plan-de-reindustrializacion-ante-el-avance-de-portugal.html>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-ces-alerta-datos-preocupantes-pobreza-jovenes-elevada-lista-espera-sergas-perdida-industria-20230630140008.ht>

<https://www.laopinioncoruna.es/galicia/2023/07/01/ces-alerta-precaria-inversion-gallega-89342721.html>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-psdeg-avisa-galicia-feijoo-quiere-trasladar-espana-significa-problemas-industria-sanidad-20230703140050.html>

https://www.elplural.com/autonomias/galicia/consello-económico-social-deja-muy-mal-lugar-denominado-milagro-económico-feijoo-galicia_313526102

<https://www.galiciapress.es/articulo/ultima-hora/2023-07-06/4360834-calvo-alega-informe-ces-apuntaba-problemas-industria-esta-actualizar>

<https://www.farodevigo.es/galicia/2023/07/11/ces-reprueba-futura-ley-cultura-89728143.html>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-ces-entrega-parlamento-gallego-memoria-situacion-economica-social-galicia-2022-20230726114133.html>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/2023/07/27/informe-ces-foco-pobreza-juvenil-sergas-90362211.html>

<https://www.lavanguardia.com/local/galicia/20230911/9219323/marco-estable-eficiencia-ahorro-e-infraestructuras-almacenamiento-claves-futuro-energetico-galicia.html>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/ces-demanda-xunta-da-galiza-proposta-loxica-enerxia-renovable/20230911150855177459.html>

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/240221-futuro-enerxetido-galicia-necesita-marco-estable-eficiencia-aforro-infraestructuras-almacenamento>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-marco-estable-eficiencia-ahorro-infraestructuras-almacenamiento-claves-futuro-energetico-galicia-20230911143652.html>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-agustin-hernandez-no-continuará-presidente-consello-económico-social-20230913140655.html>

<https://cadenaser.com/galicia/2023/09/13/agustin-hernandez-niega-problemas-con-alfonso-rueda-tras-su-renuncia-a-la-presidencia-del-ces-radio-galicia/>

<https://www.economiadigital.es/galicia/politica/agustin-hernandez-deja-la-presidencia-del-consello-económico-e-social.html>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-xunta-propone-fuera-alcalde-vigo-conselleiro-fraga-manuel-perez-alvarez-presidir-ces-20231004122655.html>

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/10/04/xunta-propone-excalde-vigues-manuel-92909191.html>

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/excalde-vigues-manuel-perez-sera-presidente-consello-económico-social-galicia/202310041200371002181.html>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2023/10/05/ces-organo-laudatorio-existe-decir-perfecto/0003_202310G5P7992.htm

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-manuel-perez-alvarez-traslada-apuesta-decida-dialogo-consenso-frente-ces-20231016140155.html>

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2023-12-04/4637834-ces-analiza-lunes-dictamen-critico-ley-recursos-naturales-pedir-pulir-discrepancias>

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2023-12-04/4638399-ces-aprueba-nuevo-dictamen-sobre-ley-recursos-naturales-pero-esta-espera-voto-particular>

<https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2023-12-05/4640172-cig-acusa-xunta-secuestrar-dictamen-ces-critico-ley-recursos-naturales>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-exceso-burocracia-falta-personal-cualificado-limitan-crecimiento-empresas-gallegas-ces-20231213134436.html>

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/12/14/burocracia-falta-financiacion-limitan-crecimiento-95808045.html>

<https://www.atlantico.net/articulo/economia/empresa-gallega-crece-menos-que-media-espanola/202312140600021011379.html>

